

SR VICEPRESIDENTE DA XUNTA, SR. CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, AUTORIDADES, ACCIONISTAS DE ENGASA E SOCIEDADES PARTICIPADAS, AMIGAS E AMIGOS, A TODOS MOITAS GRACIAS POR ASISTIR A ESTE ACTO.

- ✓ **Somos galegos, e estamos orgullosos de selo.**
- ✓ **Estamos consolidando un importante grupo enerxético.**
- ✓ **Consideramos que isto é bo para Galicia, polo que lexitimamente seguiremos pedindo o apoio de todos para seguir crecendo.**

O 15 de Xullo de 1998 contamos coa presenza de Anxo Quintana, daquela alcalde de Allariz, na inauguración da nosa anterior sede social. Hoxe, xa como Vicepresidente da Xunta, quero agradecerlle expresamente que presida esta inauguración de case 1000 m² para ENGASA, ENGASA Multiservicios, UDESA e ENGASA Eólica, un acto que evidencia que estamos crecendo e queremos seguir facéndoos.

Esta sociedade, que comezou a súa actividade en 1982, está constituída maioritariamente por empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, case todas elas pioneiras na electrificación de Galicia a partir do seu potencial hidroeléctrico. De feito dúas teñen máis de 100 anos de actividade.

Todas elas, integradas en APYDE, fornecen de electricidade a case 90.000 clientes, é dicir, máis do 10% da poboación galega, en 63 concellos

fundamentalmente do medio rural. Dende hai moitos anos, co apoio da Administración, veñen mellorando a calidade do servizo mediante importantes investimentos.

A idea de crear Engasa xurdiu a partir das posibilidades que abriu a Lei da Conservación da Enerxía de 1980 e plasmouse nun documento asinado en Santiago o 15 de Outubro 1981 entre o Presidente de SODIGA, e José Manuel Arufe Rieiro, en representación das 16 sociedades asociadas en APYDE.

Os 16 socios pretendían satisfacer, en principio, coa produción conseguida a través da nova sociedade, o seu potencial de consumo. Nese tempo distribuían uns 62 millóns de Kwh por ano (hoxe son case 500 millóns, 8 veces máis) e tiñan un total de case 40.000 clientes, mentres que hoxe son 88.000, máis do dobre.

Por tanto, ENGASA nace, o 22 de decembro de 1981, froito do acordo dun número elevado de sociedades preexistentes, todas cunha longa traxectoria no sector eléctrico. Este trazo racha co tóxico do individualismo –tamén empresarial- galego e pon de manifesto as posibilidades que abre a colaboración empresarial. Pero ademais, dende a súa fundación e ata a actualidade, a Administración (central primeiro e autonómica despois) participa no seu accionariado, exemplificando a maridaxe de intereses privados e públicos, que non teñen porque seren contrapostos.

Onde mellor se materializou esta participación, foi na calidade e na colaboración dos conselleiros que a representaron. Desde os primeiros, Camilo Nogueira e Álvaro Álvarez-Blázquez, ata os últimos, Antonio Otero e Xoán Ramón Doldán, algúns dos cales atópanse hoxe aquí. A todos eles agradézzolles a súa dedicación desinteresada ó proxecto ENGASA.

O que caracterizou sempre a este grupo foi a prudencia e a responsabilidade nos investimentos. O que lle permitiu superar as circunstancias difíciles e chegar ata o presente nunha posición financeira moi sólida. Prudencia e responsabilidade que posibilitaron que durante máis de 20 anos, ENGASA e a súas participadas non repartiran dividendos e destinase tódolos seus beneficios á reinversión.

O feito de centrarse nun sector clave para o país como a enerxía, en especial no eido das enerxías renovables, como son as minicentrales hidráulicas e os parques eólicos, nun contexto de crecente preocupación mediambiental, doulle un aire de modernidade e proxección de futuro.

Así pois, esta aposta feita antes que ninguén, polo desenvolvemento das enerxías renovables, permítenos contar para a historia enerxética de final do século XX de Galicia coma os pioneiros nas seguintes realizacións:

- Instalación da primeira Central minihidráulica de nova planta, no río Tea no 1999, de 2777Kw, en Covelo.

- Instalación do primeiro xerador eólico conectado á rede en Santa Comba (1983), de 55KW, 18 metros de altura de torre e 7.25 metros de

radio de palas, aquí hoxe exposto e que serve de comparación para apreciar a evolución do sector eólico dende esa data ata hoxe, comparándoos cos aerogeradores de Xiabre, 1.800KW de potencia, 80 metros de altura y palas de 45 metros, é dicir 33,4 e 6 veces máis en potencia, altura do fuste e radio das palas.

- Instalación do primeiro parque eólico singular de Galicia, en Marzo do 2002, de 660 Kw, en Laracha.

Pero a maiores do dito, quixera resaltar a asunción por ENGASA, do concepto de Responsabilidade Social Corporativa.

Ata hai uns anos a preocupación case exclusiva das empresas era a obtención de beneficios, sen ter apenas en conta o impacto da súa actividade no seu entorno social e natural. Recentemente naceu o concepto de Responsabilidade Social Corporativa, unha actuación voluntaria que vai agora máis aló das esixencias legais e que engloba unha ampla serie de actividades: mellora das condicións laborais, políticas de igualdade de xénero, apoio ás comunidades locais, mecenazgo cultural, sensibilidade medioambiental, etc. ENGASA como empresa moderna non podía ficar á marxe destas tendencias e está aplicando algunhas destas medidas, aínda que sen unha formulación expresa e unificada, proceso no que está inmersa na actualidade:

1. Declaración Medioambiental: Energía de Galicia, S.A. conta dende o 19 de Xuño de 2003 coa certificación ISO 14001, e dende o 12 de

Novembro de 2004, está incorporada ao Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental (Regulamento 761/2001 EMAS) para as súas instalacións do Tea, Barbantiño, Umia e oficinas.

2. Compromiso coa cultura: ENGASA é membro da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporáneo e das fundacións Mondariz Balneario, Terra Terrarum Castro Ladín de Cuntis, e da Fundación Galicia Empresa. Esta última, ten como finalidade promover o uso da lingua e cultura galegas na nosa contorna intelectual e empresarial, unha idea orixinal ó servizo de moitas persoas e entidades que ven na nosa galeguidade o seu sinal de identidade, e da que na actualidade teño a honra de ser o seu Presidente. Ademais somos sensibles ó mundo artístico, e aí está a nosa escultura da central do Umia e o tratamento artístico dos fustes do parque eólico do Xiabre.

3. Integración na contorna social e valoración do capital humano: ENGASA cando inicia unha actuación intenta chegar sempre a un acordo cos veciños para a adquisición dos terreos, e/ou servidumes, coa intención dende un principio de **ser considerado un veciño máis**. Así mesmo, prestamos especial atención ó noso persoal, con cursos de formación e motivándoos no seu traballo.

Con estes principios chegamos a consolidar un grupo enerxético,

integramente de capital galego, a data de hoxe, e cos seguintes resultados:

- Capital social e reservas, sen incluír as participadas de 7.031.465,90 euros.

- Presenza directa e por sociedades participadas en 35 concellos. Unha colaboración que lles agradezo ós alcaldes aquí presentes.

- 20,43 Mw hidráulicos, 12 deles en explotación en catro minicentraís.

- 90 Mw eólicos, a través de ENGASA EÓLICA, na que participan, entre outros, o socio industrial JEALSA RIANXEIRA, ós representantes da cal, aquí presentes, agradecemos a súa leal colaboración.

- 1,55 MW de coxeración, y 28 MW eólicos a través doutras sociedades participadas das que destacamos Sotavento.

- Participación na planta de biomasa promovida polo Concello de Allariz, dende a súa construción.

Pero ENGASA quere seguir crescendo e para iso necesitamos o máximo apoio, nun sector tan en evolución como o das enerxías renovables. Naturalmente, presentarémonos á próxima convocatoria que vai permitir o desenvolvemento de 6.500 Mw eólicos, segundo o Decreto aprobado o xoves pasado que, precisamente, apoiamos. Igualmente, nos presentaremos a outras que se convoquen, como pode ser no campo da

biomasa para o cal xa contamos con socios tecnolóxicos con experiencia no sector.

Para rematar, non pode faltar o capítulo de recoñecementos e agradecementos:

O recoñecemento ós nosos expresidentes. **O primeiro:** José Luís Martínez Reguera, impulsor e xestor da primeira etapa 1981-1988. **O segundo,** o meu querido e recordado antecesor, Manolo Iglesias Souza (1988-2002), desgraciadamente falecido en accidente, e que definiu a nosa actual filosofía: grupo corporativo vinculado a APYDE, que marca o período no que se consolida a empresa e que hoxe estará seguindo este acto con orgullo e satisfacción.

Ós accionistas, por apoiar sempre o proxecto de ENGASA, ós socios externos polo bo entendemento para lograr os obxectivos previstos das sociedades participadas, ós propietarios de terreos onde temos actuacións pola súa comprensión do interese social dos nosos proxectos, ós funcionarios das distintas administracións pola súa colaboración, ós contratistas de obra civil e instalacións electromecánicas, ás asistencias técnicas e sobre todo ó equipo humano do grupo ENGASA, que sen o esforzo e dedicación do cal non poderíamos materializar os proxectos.

SR. VICEPRESIDENTE DA XUNTA, SR. CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, AUTORIDADES, ACCIONISTAS DE

ENGASA E SOCIEDADES PARTICIPADAS, AMIGAS E AMIGOS, A
TODOS MOITAS GRACIAS POR ASISTIR A ESTE ACTO, E
REMATO COMO COMEZABA:

- ✓ **Somos galegos, e estamos orgullosos de selo.**
- ✓ **Estamos consolidando un importante grupo enerxético.**
- ✓ **Consideramos que isto é bo para Galicia, polo que
lexitimamente seguiremos pedindo o apoio de todos para seguir
crecendo.**

19 Decembro 2007